

A _____

_____, maior de idade con DNI _____ e domicilio a efectos de notificación en _____, perante esta entidade bancaria comparezo, e aos efectos oportunos

EXPOÑO

Que con data _____ foi realizado pola entidade á que me dirixo un embargo por unha contía de _____ euros, na conta corrente da que son titular, con número de identificación _____.

Que por medio do presente escrito, veño a solicitar a **ANULACIÓN do devandito embargo e a DEVOLUCIÓN da cantidade detraída.**

Que a única fonte de ingresos que ten entrada na citada conta bancaria a constitúe a prestación que mensualmente percibo en concepto da RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), e cuxa contía é de _____ euros.

Que dita prestación constitúese en absolutamente inembargable, en aplicación do disposto no **artigo 607 da Lei 1/2000 de Axuizamento Civil** que sinala que resulta inembargable o salario, soldo, pensión, retribución ou o seu equivalente, que non exceda da contía sinalada para o Salario Mínimo Interprofesional (que en 2016 está fixado en 21,84 €/día ou 655,20 €/mes).

No mesmo senso, sinala o **artigo 169.5 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e o artigo 76.4 do Regulamento Xeral de Recadación** establecen que non se embargarán os bens e dereitos declarados inembargables polas leis, e que se procederá ao levantamento do embargo se de feito se producise sobre as citadas cantidades.

De igual modo a **lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia sinala no artigo 6 no punto 3** que *“a renda de inclusión social de Galicia, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas”*.

Finalmente, o **artigo 4 do Real Decreto-Lei 9/2015 de 10 de Xullo de medidas urxentes para reducir a carga tributaria no IRPF** establece a inembargabilidade das prestacións e axudas públicas.

Que, polo exposto, a actuación desta entidade bancaria supón non só un uso fraudulento, senón sobre todo ilegal, da súa capacidade de disposición sobre a conta de referencia.

Na súa virtude,

SOLICITO: o levantamento inmediato do embargo de data _____ en contía de _____ e a devolución da cantidade detraída, máis os intereses legais oportunos.

Vigo, ____ de _____ de 2016

Asdo. _____